




Centro municipal de formación. Concello de Tui  
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui  
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



## AXUDAS - SUBVENCIÓNS- FORMACIÓN – BECAS (PUBLICADAS NOS BOLETÍNS OFICIAIS)



SEMANA do 15 ao 21 de ABRIL 2019

Luns, 15 de abril de 2019

**Axudas intervencións arqueolóxicas** ORDE do 28 de marzo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. [DOGA](#)

Martes, 16 de abril de 2019

**Subvención programa reencontros residentes no exterior** RESOLUCIÓN do 29 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa Reencontros na Terra para residentes no exterior durante o ano 2019 (código de procedemento PR926B). [DOGA](#)

**Premios responsabilidade social empresarial** ORDE do 3 de abril de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia) (código de procedemento TR320A). [DOGA](#)

**Selección centros educación dixital** RESOLUCIÓN do 14 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2019/20. [DOGA](#)

**Axudas á mobilidade eficiente e sustentable** RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2019 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES). Anualidade 2019 (códigos de procedemento IN421Q e IN421R). [DOGA](#)

Mércores, 17 de abril de 2019

**Axudas emerxencia social** RESOLUCIÓN do 1 de abril de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento PR935A). [DOGA](#)

**Axudas novos emprendedores** RESOLUCIÓN do 2 de abril de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende). [DOGA](#)

Venres, 19 de abril de 2019

**Subvencións asistencia no estranxeiro** Orden AUC/456/2019, de 11 de abril, por la que se establecen las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a instituciones asistenciales que prestan ayuda y asistencia a los detenidos españoles que cumplen condena en las prisiones extranjeras. [BOE](#)